

Ciberseguridade básica no teu posto de traballo (II)

- As credenciais de acceso ao equipo, as das aplicacións, e os certificados dixitais cos que se traballa non deben compartirse baixo ningún suposto.
- No caso dos contrasinais, nunca deben quedar anotados cerca do posto de traballo, aínda que non estean á vista.
- A conexión de dispositivos pode ser perigosa para a seguridade dos sistemas. De ser necesario, débese pedir autorización e evitar o uso de calquera dispositivo non autorizado (discos duros, memorias USB, teléfonos móbiles, tabletas, etc.).
- É preciso bloquear o equipo de traballo ao ausentarse. Se non se fai, calquera persoa non autorizada podería aproveitar para acceder á información que queda desatendida ou para levar a cabo operacións das que sería responsable quen deixou o sesión accesible, xa que estarían feitas coa súa identidade.
- Ao finalizar a xornada hai que pechar e apagar o computador, salvo que se teñan recibido instrucións indicando o contrario ou se precise para desenvolver alguna tarefa de forma remota.
- Sempre consultar co persoal de soporte calquera dúbida sobre o que se pode e o que non se pode facer no posto de traballo.

Consulte máis información sobre ciberseguridade en <https://ciberseguridadegalicia.gal>

